

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018501	IES Monte Carrasco	Cangas	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Relixión católica	1º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	9
4.2. Materiais e recursos didácticos	10
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	10
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	10
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	11
6. Medidas de atención á diversidade	11
7.1. Concreción dos elementos transversais	12
7.2. Actividades complementarias	13
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	13
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	14
9. Outros apartados	14

1. Introducción

A materia de Relixión Católica na escola caracterízase polas súas contribucións educativas expostas en liña cos obxectivos, fins e principios xerais e pedagóxicos do conxunto da etapa, tamén coas competencias clave. Coas aprendizaxes do currículo, inspiradas na antropoloxía cristiá, enriquecése o proceso formativo do alumnado, se así o elixiron as súas familias: accédese a aprendizaxes culturais propias da tradición relixiosa e da contorna familiar que contribúen a madurar a identidade persoal; a aprendizaxes de hábitos e valores, necesarios para a vida individual e social, e a aprendizaxes vitais que dan sentido humano e cristián á vida e forman parte do necesario crecemento interior. Estas achegas do currículo de Relixión Católica, á luz da mensaxe cristiá, responden a un compromiso de promoción humana coa inclusión de todos, fortalecen o poder transformador da escola e supoñen unha contribución propia ao perfil de saída do alumnado ao termo da educación básica.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar, valorar e expresar os elementos crave da dignidade e identidade persoal a través da interpretación de biografías significativas, para asumir a propia dignidade e aceptar a identidade persoal, respectar a dos outros, e desenvolver con liberdade un proxecto de vida con sentido.	1-3			1-4	1-2-4-5		2-3	3
OBX2 - Valorar a condición relacional do ser humano, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais orientadas á xustiza e á mellora da convivencia tendo en conta o maxisterio social da Igrexa, para aprender a vivir con outros e contribuír á fraternidade universal e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Asumir os desafíos da humanidade desde unha perspectiva inclusiva recoñecendo as necesidades individuais e sociais, discerníndoos coas claves do <i>¿Reino de Deus¿</i> , para implicarse persoal e profesionalmente na transformación social e o logro do ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Interpretar e admirar o patrimonio cultural nas súas diferentes expresións, recoñecendo que son portadoras de identidades e sentido, apreciando como o cristianismo se ha encarnado en manifestacións diversas, para desenvolver sentido de pertenza, participar na construción da convivencia e promover o diálogo intercultural no marco dos dereitos humanos.	4	3		2-3		3		1-2-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Recoñecer e apreciar a propia interioridade, a experiencia espiritual e relixiosa, presente en todas as culturas e sociedades, comprendendo a experiencia de personaxes relevantes e valorando as posibilidades do relixioso, para discernir posibles respostas ás preguntas sobre o sentido da vida, e favorecer o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Identificar e comprender os contidos esenciais da Teoloxía cristiá, contemplando e valorando a contribución da tradición cristiá á procura da verdade, para dispoñer dunha síntese do cristianismo que permita dialogar con outras tradicións, paradigmas e cosmovisións.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Un proxecto de vida cuns valores	1. Es o que soñas 2. Revisando as miñas «Deus-trías» 3. Enredamos?	35	15	X		
2	Construír a sociedade seguindo a Xesús	4. Sempre hai algo que celebrar! 5. Unha comunidade de amigos	35	10		X	
3	Comprometidos coa paz e a dignidade humana	6. O meu planeta, a casa común 7. Construimos xuntos a paz	30	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Un proxecto de vida cuns valores	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir e aceptar os trazos e dimensións fundamentais da identidade persoal, analizando relatos bíblicos de vocación e misión, así como outras biografías significativas.	Afondar na súa propia identidade persoal analizando relatos bíblicos e outras biografías de vocación e misión.	PE	15
CA1.3 - Adquirir habilidades e actitudes de relación con outros, poñendo en práctica estratexias efectivas de reflexión e de comunicación, de axuda mutua, de participación e de inclusión, orientadas á mellora da convivencia na familia e na escola como expresión da fraternidade universal.	Manter relación cos seus iguais, comunicar ideas, prestar axuda e aceptar opinións alleas	TI	85
CA1.4 - Desenvolver empatía e recoñecemento da diversidade persoal e social, inspirándose no ser relacional de Deus, manifestado na historia da salvación.	Manifestar verbal e activamente o recoñecemento do outro.		
CA1.5 - Xerar actitudes de xustiza e solidariedade, respectando a diversidade e tomando conciencia da responsabilidade compartida e a común pertenza, no horizonte do Reino de Deus.	Manifestar actitudes de solidariedade e de xustiza social, e no elude o encontro coa diversidade.		
CA1.6 - Analizar as necesidades sociais, identificando as situacións de inxustiza, violencia e discriminación, coas súas causas, discerníndoas segundo o proxecto do Reino de Deus, implicándose en propostas de transformación social.	Analizar a contorna social ampla e identificar situacións de inxustiza e outras, ligándoas ao proxecto do Reino de Deus.		
CA1.9 - Valorar a experiencia espiritual e relixiosa como dimensión humana e social propia de todos os pobos e culturas, coñecendo a especificidade da espiritualidade xudeocristiana e doutras relixións.	Valorar a experiencia espiritual e relixiosa como dimensión humana e social propia de todos os pobos, e diferenciar a espiritualidade das diferentes relixións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Trazos e dimensións fundamentais da vida humana en relación coa visión cristiá da persoa. - Relacións fundamentais da persoa: consigo mesma, cos demais, coa natureza e con Deus. - Relatos bíblicos e biografías sobre vocación e misión. - Habilidades e actitudes de escoita, empatía e expresión asertiva para unha comunicación interpersoal. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - A Biblia, Palabra de Deus en palabras humanas que narra a relación entre Deus e o seu Pobo, a súa composición e xéneros literarios. - Xesucristo, revelación plena de Deus e acontecemento e salvación para a humanidade. - A proposta ética e relixiosa do Reino de Deus en sociedades plurais. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta. - Xesucristo e a súa relación cos grupos sociais e relixiosos da época, e a súa opción preferente polas persoas máis

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - desfavorecidas. - Dinámicas persoais e sociais que dificultan ou impiden a construción do ben común, á luz do Evanxeo e da Tradición cristiá. - Situacións próximas de inxustiza e exclusión analizadas criticamente desde o maxisterio social da Igrexa. - Proxectos sociais da Igrexa ao longo da súa historia e a súa achega á inclusión social e á ecoloxía integral.

UD	Título da UD	Duración
2	Construír a sociedade seguindo a Xesús	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir e aceptar os trazos e dimensións fundamentais da identidade persoal, analizando relatos bíblicos de vocación e misión, así como outras biografías significativas.	Afondar na súa propia identidade persoal analizando relatos bíblicos e outras biografías de vocación e misión.	PE	25
CA1.7 - Situar e interpretar as expresións culturais e as súas linguaxes nos seus contextos históricos, apreciando a súa contribución á identidade persoal e social e aos Dereitos Humanos, facilitando a convivencia e o diálogo intercultural.	Recoñecer o valor das expresións culturais e a súa contribución á formación identitaria de persoas e sociedades, e amosar interese por coñecer e dialogar coas pertencentes a outras culturas alleas á propia.		
CA1.8 - Razoar como a fe cristiá, no presente e ao longo da historia, fíxose cultura, interpretando o patrimonio literario, artístico e cultural e valorándoo como expresión da encarnación da mensaxe cristiá en diferentes linguaxes.	Recoñecer o valor de obras artísticas de contido cristián, con capacidade actual para transmitir unha mensaxe relixiosa nas linguaxes e estéticas actuais.		
CA1.3 - Adquirir habilidades e actitudes de relación con outros, poñendo en práctica estratexias efectivas de reflexión e de comunicación, de axuda mutua, de participación e de inclusión, orientadas á mellora da convivencia na familia e na escola como expresión da fraternidade universal.	Manter relación cos seus iguais, comunicar ideas, prestar axuda e aceptar opinións alleas.	TI	75
CA1.4 - Desenvolver empatía e recoñecemento da diversidade persoal e social, inspirándose no ser relacional de Deus, manifestado na historia da salvación.	Manifestar verbal e activamente o recoñecemento do outro.		
CA1.5 - Xerar actitudes de xustiza e solidariedade, respectando a diversidade e tomando conciencia da responsabilidade compartida e a común pertenza, no horizonte do Reino de Deus.	Manifestar actitudes de solidariedade e de xustiza social, e non eludir o encontro coa diversidade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Analizar as necesidades sociais, identificando as situacións de inxustiza, violencia e discriminación, coas súas causas, discerníndoas segundo o proxecto do Reino de Deus, implicándose en propostas de transformación social.	Analizar a contorna social ampla e identificar situacións de inxustiza e outras, ligándoas ao proxecto do Reino de Deus.		
CA1.9 - Valorar a experiencia espiritual e relixiosa como dimensión humana e social propia de todos os pobos e culturas, coñecendo a especificidade da espiritualidade xudeocristiana e doutras relixións.	Valorar a experiencia espiritual e relixiosa como dimensión humana e social propia de todos os pobos, e diferenciar a espiritualidade das diferentes relixións.		
CA1.10 - Respetar as diferentes igrexas e tradicións relixiosas, coñecendo e valorando as crenzas, ritos, símbolos e principios de cada unha delas, tendo elementos de xuízo persoal que favorezan o diálogo interrelixioso.	Respetar e coñecer os elementos das diferentes igrexas e tradicións relixiosas, para establecer un diálogo interrelixioso.		
CA1.11 - Identificar a Xesucristo como núcleo esencial do cristianismo, e a Biblia como libro do Pobo de Deus, valorando as súas achegas á vida das persoas e as sociedades.	Recoñecer a Xesucristo e a Biblia como mensaxes centrais do cristianismo.		
CA1.12 - Elaborar unha primeira síntese da fe cristiá, subliñando a súa capacidade para o diálogo entre a fe e a razón, entre a fe e a cultura, mantendo as conviccións propias con pleno respecto ás dos outros.	Coñecer os principios básicos da fe cristiá e o seu lugar respecto da razón e cultura, e tomar unha postura aberta ao diálogo con outras opinións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Trazos e dimensións fundamentais da vida humana en relación coa visión cristiá da persoa. - Relacións fundamentais da persoa: consigo mesma, cos demais, coa natureza e con Deus. - Habilidades e actitudes de escoita, empatía e expresión asertiva para unha comunicación interpersonal. - A espiritualidade e a experiencia relixiosa como realización humana e social. A súa relación cos sacramentos. - Aprecio da oración e a contemplación na tradición xudeocristiana e outras relixións como encontro coa bondade, a verdade e a beleza e posibilidade para o diálogo intercultural e interrelixioso. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - As claves bíblicas de Alianza, Pobo, e Historia na comprensión da dimensión creatural e relacional da persoa e as súas consecuencias. - María, Nai de Xesús e Nai da Igrexa, testemuña da fe. - A experiencia e as crenzas cristiás expresadas no Credo da Igrexa católica. - Comprensión dos símbolos e as celebracións da liturxia cristiá, dos sacramentos e da súa teoloxía. - Estratexias de análises de obras de contido relixioso en distintas linguaxes, apreciando a achega do cristianismo á cultura. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xesucristo e a súa relación cos grupos sociais e relixiosos da época, e a súa opción preferente polas persoas máis desfavorecidas. - Dinámicas persoais e sociais que dificultan ou impiden a construción do ben común, á luz do Evanxeo e da Tradição cristiá. - A valoración positiva da Igrexa cara á diversidade relixiosa e as súas expresións. - Proxectos sociais da Igrexa ao longo da súa historia e a súa achega á inclusión social e á ecoloxía integral.

UD	Título da UD	Duración
3	Comprometidos coa paz e a dignidade humana	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir e aceptar os trazos e dimensións fundamentais da identidade persoal, analizando relatos bíblicos de vocación e misión, así como outras biografías significativas.	Afondar na súa propia identidade persoal analizando relatos bíblicos e outras biografías de vocación e misión.	PE	20
CA1.2 - Identificar as características da visión bíblica sobre o ser humano, relacionándoa coa dignidade persoal, recoñecéndoa nos outros.	Identificar os valores do ser humano e a súa importancia, a escala individual e social, e recoñecer a súa raíz bíblica.	TI	80
CA1.3 - Adquirir habilidades e actitudes de relación con outros, poñendo en práctica estratexias efectivas de reflexión e de comunicación, de axuda mutua, de participación e de inclusión, orientadas á mellora da convivencia na familia e na escola como expresión da fraternidade universal.	Manter relación cos seus iguais, comunicar ideas, prestar axuda e aceptar opinións alleas.		
CA1.5 - Xerar actitudes de xustiza e solidariedade, respectando a diversidade e tomando conciencia da responsabilidade compartida e a común pertenza, no horizonte do Reino de Deus.	Manifestar actitudes de solidariedade e de xustiza social, e no elude o encontro coa diversidade.		
CA1.6 - Analizar as necesidades sociais, identificando as situacións de inxustiza, violencia e discriminación, coas súas causas, discerníndoas segundo o proxecto do Reino de Deus, implicándose en propostas de transformación social.	Analizar a contorna social ampla e identificar situacións de inxustiza e outras, ligándoas ao proxecto do Reino de Deus.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Trazos e dimensións fundamentais da vida humana en relación coa visión cristiá da persoa. - Relacións fundamentais da persoa: consigo mesma, cos demais, coa natureza e con Deus. - Habilidades e actitudes de escoita, empatía e expresión asertiva para unha comunicación interpersonal. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural.

Contidos

- Xesucristo, revelación plena de Deus e acontecemento e salvación para a humanidade.
- A proposta ética e relixiosa do Reino de Deus en sociedades plurais.
- Estratexias de análises de obras de contido relixioso en distintas linguaxes, apreciando a achega do cristianismo á cultura.
- Corresponsables no coidado das persoas e do planeta.
- Dinámicas persoais e sociais que dificultan ou impiden a construción do ben común, á luz do Evanxeo e da Tradição cristiá.
- As diversas igrexas e comunidades cristiás coas súas propostas éticas para a vida en sociedade.
- Situacións próximas de inxustiza e exclusión analizadas criticamente desde o maxisterio social da Igrexa.
- Proxectos sociais da Igrexa ao longo da súa historia e a súa achega á inclusión social e á ecoloxía integral.

4.1. Concrecións metodolóxicas

- A realización de proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe.
 - Actividades que partan da observación e experimentación, traballando o método científico a través de diversas investigacións e traballos desenvolvendo estruturas de aprendizaxe cooperativa.
 - Tarefas de aprendizaxe integradas que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (ambientais, xeográficos, históricos, xogos educativos...) nas que o alumnado avance no desempeño das súas competencias.
 - Tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente diferentes ferramentas e dispositivos dixitais.
- Para levar a cabo estas actividades:
- Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional. Durante este curso da etapa o alumnado debe acceder ao coñecemento partindo dos seus centros de interese e do seu contorno máis próximo.
 - As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos...
 - Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ao alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables.
 - Realizaremos prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través do traballo cooperativo na resolución conxunta de proxectos e tarefas.
 - Utilizaremos diferentes técnicas de aprendizaxe cooperativa, por un lado dinámicas de cohesión de grupo; e por outro, estruturas cooperativas que se desenvolverán en diferentes momentos das unidades didácticas para traballar os contidos (Parada 3 minutos, Lapis ao centro, Folio xiratorio, Estrutura 1-2-4...).
- Despois do traballo individual e grupal, realizaremos unha posta en común en gran grupo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos materiais Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta.
Recursos tecnolóxicos: Ordenadores, encerados dixitais, proxectores, gafas e materiais de realidade virtual
Recursos dixitais: Libro de texto Rodeira, Aula virtual, enciclopedias, Biblia, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, actividades con realidade aumentada, kahoot
Recursos espaciais A propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica.

Esta avaliación levarase a cabo mediante:

- Choiva de ideas sobre as características propias da persoa, da sociedade, da Igrexa,
- Test de personalidade.
- Comprensión lectora de imaxes para identificar e describir as comunidades relixiosas como por exemplo, diferentes tipos de celebracións.
- Asemblea sobre a importancia do respecto ás diferentes crenzas relixiosas e tradicións culturais.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	35	35	30	100
Proba escrita	15	25	20	20
Táboa de indicadores	85	75	80	80

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno de campo, os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para

cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte:

NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= NOTA UD1

NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= NOTA UD2

NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= NOTA UD3

A cualificación da avaliación final da materia calcularase aplicando a seguinte fórmula:

NOTA AVALIACIÓN FINAL: Nota 1ª avaliación x 0.4 + nota 2ª avaliación x 0.3 + nota 3ª avaliación x 0.3

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nunha unidade ou nun trimestre realizará unha serie de tarefas que versarán sobre os contidos traballados que serán entregadas e avaliadas polo profesorado.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No caso de que haxa alumnos coa materia pendente, elaborárase un plan de reforzo segundo o establece o artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade. O plan será personalizado e consistirá nun caderniño que o alumno deberá ir contestando ao longo do curso. As respostas revisaranse con frecuencia para detectar os posibles problemas e realizar os axustes necesarios. A nota será a que corresponda tendo en conta que o caderniño avaliarase sobre 10 puntos.

6. Medidas de atención á diversidade

A metodoloxía da materia de Relixión Católica terá en conta os principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe para programar propostas didácticas compostas por prácticas de aprendizaxe, ensino e avaliación que contribúan a enriquecer o proceso de desenvolvemento integral do alumnado, promovendo o seu progreso no recoñecemento da tradición relixiosa e cultural da contorna familiar e social, na adquisición de actitudes, valores e crenzas necesarios para a súa vida persoal e en sociedade, no crecemento interior e proxecto vital, así como na expresión das súas propias emocións e experiencias de forma respectuosa e empática xerando contornas inclusivos e interculturais. Fomentanse así procesos pedagóxicos accesibles para todos pola diversidade de estratexias e recursos, de espazos e tempos, que se utilizan na aula e pola adaptación do currículo ás necesidades dos diferentes ritmos de aprendizaxe. No deseño das actividades desta materia terase en conta a flexibilidade do currículo, os contextos de ensino inclusivos, e a utilización de recursos accesibles. A adecuada resposta educativa a todo o alumnado concíbese a partir do principio de inclusión, entendendo que unicamente dese modo garántese o desenvolvemento de todos, fómense a equidade e contribúese a unha maior cohesión social. A atención á diversidade é una necesidade que abarca a todas as etapas educativas e a todos os alumnos. É dicir, trátase de contemplar a diversidade dos alumnos como principio e non como una medida que corresponde ás necesidades duns poucos.

Nos materiais do curso inclúese propostas de atención á diversidade para todos os contidos.

En cumprimento do artigo 52 da orde 8 de setembro 2021 de atención á diversidade, Elaborárase un plan específico personalizado para os alumnos que deban permanecer un ano máis no mesmo curso que incida nas dificultades detectadas no curso anterior.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X
ET.3 - Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores.	X	X	X
ET.4 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia.	X	X	X
ET.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.		X	X
ET.6 - O alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
invitación a participar no Concurso de Clipmetrajex	Actividade proposta por Manos Unidas, de elaborar un video de 1 minuto sobre un tema relacionado cos ODS			
saída cultural	Visita a un centro de culto, ou unha exposición.			
Charla formativa	Dunha ONG, ou algunha testemuña de alguén			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Funcionalidade da programación.
Coherencia entre os obxectivos e os contidos.
Actividades adecuadas.
Estilo de ensinanza.
Rol do docente.
Temporalización
Organización dos recursos materiais.
Medidas de atención á diversidade.
Motivación do alumnado.
Procedementos de avaliación.

Descrición:

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Estes indicadores permítenos coñecer información axeitada do noso labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica. Ademais, hai que destacar a utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta nos permite comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo aos seguintes aspectos:

- Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.
- Realizarse un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

9. Outros apartados